

# Excavacións

---

Cristina Pavón

Artrastraba distraidamente a punta do pé sobre o chan, insistindo sobre o mesmo trazo, un arco de círculo, debuxo moi habitual se se realiza co pé e en posición sentada. Escarvaba na terra sen me fixar a penas, estaba branda e era agradable removelas, a sandalia era vella e non me importaba desgastala ou maltratala un pouco, a terra era areosa e non manchaba case, amais de non ofrecer resistencia, e así, a modo, estiven dalle que dalle movendo o pé ritmicamente mentres a mente vagaba por lugares que non podería precisar, probablemente preocupacións menores que nin ese nome merecen. Os meus pensamentos ían e viñan igual que o pé, distraídos, ata o momento no que algo freou o movemento. Algo de bastante consistencia. Que podía ser? Un obxecto, si, algo aínda non visible, un vulto arredor do cal seguín a escarvar, sen mirar, intentando adiviñar que era. Tiña unha forma rara, irregular, con algunha aresta moi acusada. O pé conseguía rodealo case por completo, polo menos a parte superior, pero podía ser coma un *iceberg*, quen sabe o que podía haber aí enterrado. Non puideron conter máis a curiosidade e mirei. Non era facilmente recoñecible a primeira vista, pero tiveron unha intuición que logo a análise confirmaría. Era un enfado. Un enfado grande, repentino, e en bastante bo estado. Apreciábanse nel as marcas dunha tarde de sol espléndido e dun bo humor abruptamente interrompido por un cabreo, do que aínda non se vía a explicación. Moi excitado, mentres rebuscaba nos petos o instrumental de urxencia que case sempre levo comigo, removín con ambos os dous pés a zona de arredor nun perímetro de máis dun metro ata atopar, ahá, o núcleo, a orixe, unha rótula moi ben conservada, en perfecto estado aínda, que sufrira unha caída desafortunada, unha caída que interrompeu unha carreira entusiasta, cortando a traxectoria e o bo humor á vez, porque había dor, si, o espectrofotómetro de choros rexistra bastante bágoas, xa secas, claro, pero que conforman uns depósitos

salinos considerables, debeu doer, si, e tivo que ser a min, sen dúbida, dada a nitidez do fosilizado sentimento. O posterior exame radiolóxico da rótula confirmou o que a inspección visual xa suxerira: sufrira unha fisura que provocou a conseguinte dor.

Establecido máis ou menos o feito, aínda sen completar o escenario, en que horizonte temporal situalo? Delicada cuestión. Hai que escavar máis e con coidado e logo someter as mostras aos test de datación. Intento actuar coa calma que quero que me caracterice, anícome e coa miña pequena pa empezo a extraer culleradas de terra, pero o mango rompe axiña polo ímpeto co que dou padas así que, xa rabuñando coas mans, logo cun madeiro plano que atopo por alí, arremangado e suorento, vou removendo a terra máis amazocada e desenterrando e extraendo obxectos que envolvo metodicamente en bolsiñas:

- un gran caramelo rosa, alargado, cuxa sección amosa vetas brancas e vermellas coma un dentífrico. Contéñome para non probalo.
- unha barra de chocolate de grandes dimensións, con divisións en onzas. Á súa bolsiña correspondente tamén.
- a cabeza dunha muller rubia, de trazos moi borrosos e caveira vulgar.
- unha camiseta azul de raias vermellas e brancas, de tecido sintético e elástico, na que están envoltos restos de difícil identificación.

Todo isto atópase nun mesmo nivel da escavación. Envíanse todas as mostras ao laboratorio e proséguese a exploración.

Xa con casco e apontoando o terreo que ás veces ameaza esboroarse e enterrar todo o atopado antes de poder articulalo nunha hipótese-recordo coherente, continúo a escavación noutro nivel e amplío a zona de busca. Aparecen, desfigurados como non, pero recoñecibles, uns muros de ladrillo, varios troncos fosilizados de pexegueiros, unha mesa de cemento e un alpendre con tellado de uralita. Todos estes elementos configuran o que podería chamarse un patio. Este patio atópase uns corenta e cinco centímetros por baixo do nivel do chan do que se supón foi unha vivenda, a xulgar polos restos de louza sanitaria atopados, así como azulexos dunha probable cociña, estancia que comunicaba co patio salvando o desnivel mediante varios chanzos. É fronte a estes chanzos onde se efectuou o achado óseo.

Recíbense os resultados do laboratorio de datación, que cifran a idade do individuo, é dicir, eu, no momento que a súa rótula bateu contra o chan de cemento, nuns catro anos. Os métodos aplicados foron C-14, Argón-36 e Positrón-124, polo que os resultados estímense concluíntes. Esbozo, pois, unha hipótese que aglutine os achados e explique os feitos, aínda que sexa a grandes trazos: a muller, unha veciña, regalounos uns doces que provocan entusiasmo e certos problemas na súa repartición, aínda non esclarecidos, pero que probablemente garden relación co desenlace violento do episodio.

Con esta hipótese de traballo, bastante plausible, será máis doado interpretar os obxectos que atope en canto retome a escavación. A escena parece suficientemente reconstruída, pero falta un elemento que satisfaga a curiosidade nacida da exhumación destes restos. A saber: cal foi a causa última do anoxo, porque ademais de dor hai ira, o radiómetro cubicular rexistra emisións de carraxe de bastante intensidade, o que fai supoñer que a causa da dor non foi do todo fortuita, ou polo menos non foi valorada así. Interpuxo alguén unha perna ou outro elemento obstaculizante no meu camiño? Para determinar este extremo prosigo as escavacións e a variedade de elementos achados dispersa un pouco a miña atención. Xoguetes de variada composición e uso, roupas gastadas sucesivamente polos irmáns en orde cronolóxica de aparición, útiles escolares, restos de comida tirada ás agachadas, todo iso distrae e retarda o momento de enunciar unha reconstrución completa do feito inicialmente atopado, causa incluída: da hostia que levei, quen foi o culpable? Habería que elaborar unha hipótese sobre a identidade dese canalla, pero embargado pola paixón arqueolóxica non podo resistirme á tentación de escavar, embolsar e datar todo canto atopo. Coa brocha, cal pulcro mordomo adorando as porcelanas, quito a todos estes obxectos a terra, o humus, as areas, os detritus de miñocas, todas as partículas adheridas ao longo dese tempo, e aliñoos nos meus estantes. Xa logo, cando se esgote esta veta paleontolóxica, emitíranse hipóteses, formularanse aventuradas suposicións, pero agora, metido nun buraco do que xa non asoma nin o salacof, escarvo buscando un óso máis, un envase de iogur cunha corda saíndo da base, unha colcha, un taboleiro de xogo de mesa, e afúndome, afúndome en todo iso porque xa teño un metro de terra por riba de min, o apuntalamento é

precario e sigo a escarvar frenético coma se eu mesmo enterrara aquel óso, rabuño e cavo ata chegar a un nivel onde xa non atopo cousas miñas, ou son dun eu moi diferente e infantil e por construír, non as recoñezo, hai que ir con cicel e parsimonia desincrustando obxectos que, os que identifico, pertenceron a un irmán maior, e é que neste estrato tan fondo xa non pode haber obxectos-recordo meus enterrados, cheguei a un punto no que eu aínda non existía, xa só o meu irmán, e algunha das súas cousas, roupa a meirande parte, xoguetes tamén que eu despois herdei, e chega xa a luz con dificultade a este nivel, pouca luz pero abonda para ver que aquí xa non hai nada meu, que este é o fin da escavación, tampouco era a miña intención chegar ao centro da terra, se xa Julio Verne, aínda que non me importaría seguir un pouco máis, pero necesitaría cordas e equipo de espeleoloxía, empeza un dándolle á sandalia e acaba por facer un buraco que -que será ese ruído?- pode ser a súa tumba cando fallan os apuntalamentos, oh non!, e comezan derrubas e correntos, e o esborralle de andeis cos trofeos do pasado, e a avalancha de fósiles que cae sobre un, enterrándoo nun horizonte temporal que non lle corresponde, para confusión de integrantes de futuras escavacións.



**Aaaaahhh!!!**